

O ENSINO DO GALEGO EN MADRID

Carmen Mejía Ruiz

Universidad Complutense de Madrid

O propósito desta comunicación é dar coñecemento da situación do galego en Madrid, xa que a maioría da xente non o ten. En primeiro lugar farei referencia á situación da lingua e da literatura galega na Universidade Complutense, cal é a obrigatoriedade desta lingua e literatura e cales son os alumnos afectados polos plans de estudos da nosa Facultade. Despois falarei da receptividade nos alumnos segundo unhas enquisas que realicei coa axuda dos profesores que ensinan estas materias. Aproveito esta introdución para da-las gracias ás profesoras M^a José Postigo e M^a Victoria Navas, e ó profesor bolseiro Xesús Cociña que me axudaron a face-las enquisas mencionadas.

Nun apartado diferente falarei do galego na Escola Oficial de Idiomas de Madrid desde a perspectiva do estudante. Isto foi posible gracias á colaboración das profesoras Neves González Pereiro e Ana Monteserín Cancio que deron as enquisas ós seus estudantes e tamén gracias a Lourdes Vega pola súa colaboración. Coido que é importante que en Galicia se teña noticias do que se fai fóra. Por eso aproveitei este Congreso.

¿Cal é a situación da Lingua e Literatura Galega na Universidade Complutense? Teño que dicir antes de contestar esta pregunta que ensino esta materia desde o ano 1986, e polo tanto falo da realidade e non de hipótese.

A materia de Literatura Galega é unha materia obrigatoria nos plans de estudos de Literatura Hispánica para os estudantes do último ano da especialidade. Hai quenda de mañá e de noite e ademais a Filoloxía Hispánica é unha especialidade masificada. Podemos ter na mañá uns cen estudantes e na noite uns setenta. A Lingua e a Literatura Galegas é outra materia obrigatoria para os alumnos de Lingüística Hispánica. Os alumnos desta especialidade son menos. Tamén hai dúas quendas, haberá na mañá uns cincuenta alumnos e pola noite uns corenta. Eu impartín as clases da noite desde o oitenta e seis ata o noventa e catro. Outra cousa importante é o horario destas materias. A Literatura Galega impártese o xoves e o venres de nove a dez da noite, e pola mañá o luns e o mércores de 12,30 a 13,30 horas. A Lingua e a Literatura Galega impártese o luns e o mércores de 8,30 a 9,30 horas da

mañá. E pola noite o luns e o mércores de vinte a vinteúnha horas. Como se pode ver pola noite é un horario de baixo rendemento para o estudante e máis para o profesor.

Débese saber que estes estudantes non teñen ningún coñecemento do galego, que é a primeira volta que teñen esta materia. E que para eles esta materia é unha materia “maría”. Polo tanto o profesor enfróntase con problemas diversos. Descoñecemento da lingua por parte dos estudantes e pouco interese pola materia. Dous problemas que no primeiro mes do curso o profesor debe superar facendo que os alumnos vexan a materia con outros ollos ou desde outras perspectivas. Ás veces resulta complicado, mais tamén é verdade que ó fin do curso o profesor percibe que a cousa é diferente, senón para tódolos alumnos si para unha maioría.

Outro problema é o programa destas materias en Literatura débese ver a Literatura medieval e a Literatura moderna e contemporánea. Polo tanto é moi difícil chegar ata os autores novos. Facemos unha selección dos autores clásicos galegos máis relevantes e chegamos á Nova narrativa galega. O importante para nós é que o estudante lea. Por eso hai dez libros obrigatorios, uns traducidos e outros non. Xa é un paso adiante que un estudante que non coñece a lingua colla un libro en galego.

En Lingua e literatura galega faise unha introducción á historia da lingua galega, fálase do galego-portugués, da dialectoloxía galega e do léxico só nun cuatrimestre. O segundo cuatrimestre dedícase á literatura. Ás veces o profesor ten a impresión de que fala do máis xeral e que non pode profundar, cousa que é certa pero nun só ano non se pode facer máis. Apesares desto o resultado é bo, nestes anos que levo impartindo galego dirixo unha ducia de teses doutorais, non sei cantas se lerán pero o feito é que hai xente que as está a facer.

Nos novos plans de estudio de Filoloxía Hispánica a cousa cambia. Agora non existe ningunha materia de Literatura galega. Só os alumnos que a queiran facer como libre configuración a farán. Neste sentido consideramos que hai un paso atrás. Non é lóxico que un hispanista non teña coñecemento ningún das literaturas e das linguas da nosa Península.

En Filoloxía Románica nos plans de estudio antigos só figuraba a Literatura Galega como materia optativa e como obrigatoria a Lingüística Galego-portuguesa no último ano. Nos plans novos hai unha Filoloxía galega I e II obrigatorias para os alumnos de segundo e terceiro ano. E ademais un alumno pode coller como primeira ou segunda lingua románica o galego. Polo tanto o galego ten o mesmo tratamento que o francés ou o italiano.

É verdade que os alumnos en xeral collen outras linguas románicas, mais xa temos unha alumna que fai galego como segunda lingua románica. Precisamente por isto é obrigatoria a Filoloxía Galega I e II para os estudantes de Románicas e desta maneira un licenciado en Filoloxía Románica sae con coñecementos de catro linguas románicas: a primeira e a segunda lingua que elixen entre: francés, italiano, portugués, romanés, galego e catalán e logo teñen coñecementos de galego e catalán para ler un texto e se quixesen poderían profundar nestas últimas na Escola Oficial de Idiomas. Xa en Filoloxía Galega I dedícase un cuatrimestre a explica-lo galego vivo, tarefa que a fai o profesor bolseiro que é galego falante. Ademais a Filoloxía Galega I e II tamén é unha materia de libre configuración, o quere dicir

que calquera estudante da Universidade Complutense se quere pode facela. Eu o ano pasado tiven un estudante de medicina.

Ademais destas materias en cuarto curso de Románicas hai Literatura Galega I, II e III. Por exemplo, o alumno interesado en facer literatura galega actual dos setenta ata hoxe pode facela. Este é o primeiro ano do cuarto curso polo tanto non sabemos a demanda que terán estas materias, pero é importante que existan xa que se pode ver a literatura galega con profundidade.

Doutra banda o noso Departamento desde o ano 1986 organiza unhas **Xornadas Universitarias sobre as Linguas e as Literaturas catalana, galega e vasca**. A finalidade destas Xornadas é que os nosos estudantes teñan contacto directo coas persoas cualificadas de cada Comunidade e poidan coñecer escritores, críticos, lingüistas, etc. dos que se fala nas clases. Da parte galega pasaron pola nosa Universidade, entre outros, o profesor Filgueira Valverde, D. Ramón Piñeiro xusto un ano antes da súa morte, D. Xesús Alonso Montero, D. Constantino García, D. Ramón Lorenzo, D. Carlos Casares, D. Alfredo Conde, D. Anxo Tarrío, D^a Mercedes Brea, D. Suso de Toro, D^a Xela Arias, D^a M^a Xosé Queizán, D. Henrique Monteagudo, D^a Dolores Vilavedra, etc.

Podemos dicir abertamente que estas Xornadas teñen un gran éxito entre os nosos estudantes e as persoas interesadas por estas culturas. A participación sempre foi masiva e débese ter en conta que Madrid está lonxe, pero a distancia non implica que a xente non teña interese polas nosas culturas. Ás veces resulta sorprendente que un alumno queira facer unha tese sobre a Literatura galega, e eu pregunto os porqués. Hai tantas cousas que facer sobre esta Literatura, que se o profesor é capaz de transmiti-la curiosidade ó estudante, sempre sae algunha persoa interesada polo tema.

Outra actividade de Literatura galega é a súa presenza no programa de doutoramento de Filoloxía Románica. Os meus cursos de doutoramento nos últimos anos son de Literatura galega. Estes dous últimos anos o curso que ofrecín titulábase **Temas e motivos medievais na Literatura Galega Contemporánea**. O primeiro ano dedicouse a le-las obras de literatura románica medieval e detecta-los temas e os motivos medievais. E o segundo ano fixéronse unha serie de lecturas galegas e os alumnos do curso (nove) tiñan que ver cal era a presenza do medieval nas obras galegas contemporáneas. Partíase da poesía de Ramón Cabanillas, e chegamos a Darío Xohán Cabana. Podo dicir que fixeron uns traballos moi bos e intentarei facer un artigo conxunto que será o reflexo dese curso de doutoramento. O curso de doutoramento dos dous próximos cursos titúlase **Recursos literarios na narrativa galega contemporánea**.

Con esta exposición poden pensar que a única persoa que fai galego na Universidade Complutense son eu. Non, eso non é así. As materias de galego ensínanas diferentes profesores. O curso próximo somos a profesora M^a Victoria Navas, o profesor bolseiro da Xunta de Galicia e máis eu.

Desde esta perspectiva pódese ver que na nosa Universidade e nos nosos plans de estudos o galego ten o mesmo tratamento que calquera das linguas románicas. Coidamos que

para estudar galego non é obrigatorio vir a Galicia a face-los estudos. Pode existir xente que teña interese mais non teña os medios para saír de Madrid e polo tanto debe te-la posibilidade de estudialo. Outra cousa diferente é facer Filoloxía galega, aínda non temos orzamento para que haxa esta especialidade e entón a persoa interesada debe vir a Galicia. Apesares desto no noso Departamento hai un interese por fomenta-lo estudio das nosas linguas e os profesores responsables desta materia facemos todo o posible para atraer ó estudante. Polo tanto a idea de que o galego só se ensina en Galicia debe desaparecer e ademais a Xunta e o ILG axudan nesta tarefa.

Agora falaremos da opinión dos estudantes destas materias. As enquisas realizadas non son dos meus estudantes. Coidei que era mellor te-la opinión da xente que non coñece o profesor. Os alumnos que realizaron as enquisas son alumnos da quenda da mañá e da noite da especialidade de Literatura e de Lingüística Hispánica. A idade destes alumnos é de 22 e 23 anos, aínda que hai algúns, poucos, que teñen 38 ou 40 anos. A enquisa, anónima e libre, fixérona 70 alumnos. A enquisa foi feita en castelán.

A primeira pregunta é: ¿Coñecía a situación da lingua galega en Galicia antes de ter esta materia? A maioría di que non.

Cando se pregunta se queren ter esta materia en galego din que non, porque descoñecen a lingua.

Unha maioría di que a consideran unha materia necesaria para a súa formación. Moi poucos din que sería mellor ter esta materia como optativa.

Ó saber que nos novos plans de Filoloxía Hispánica esta materia non existe a maioría coídan que é un erro porque un hispanista debe coñece-las literaturas das outras Comunidades.

Respecto á opinión que teñen sobre se o galego é a lingua habitual en Galicia ou polo contrario se coídan que é o castelán, neste sentido hai opinións moi diversas. A maioría coñecen Galicia como turistas e polo tanto só tiveron a oportunidade de falar en castelán. Algúns que estiveron en lugares de Lugo din que o galego está moi estendido. Outros, poucos, catro ou cinco, que son fillos de galegos, din que o galego é a lingua habitual. Polo tanto nesta pregunta as opinións son moi distintas e percíbese o seu descoñecemento da realidade lingüística.

Cando se fala da posibilidade de que o galego, o catalán e o vasco poidan estar presentes nos Institutos, unha maioría opina que como linguas das nosas Comunidades estaría ben que os alumnos que quixesen puidesen estudialas, polo tanto que fosen materias optativas. Uns poucos, dez, din que é dabondo para os alumnos e polo tanto que non consideran necesaria esa posibilidade.

Cando se pregunta se o seu interese pola cultura galega aumentou ó coñece-la literatura e a lingua galega, unha maioría di que si.

A maioría di que len en castelán se teñen a traducción e cando teñen que ler en galego o maior problema é ter que usa-lo diccionario. Mais a maioría di que se pode ler en galego doadamente.

A opinión que teñen da literatura galega ó fin do curso para a maioría é que foi un descubrimento.

A maioría se vivisen en Galicia di que estudarían galego. Só catro din que non porque alí tamén se fala castelán. Esta resposta sorprendeume porque dá a impresión de que as novas xeracións teñen unha conciencia lingüística aberta.

Corenta din que ó termina-los estudos seguirán a ler literatura galega. O resto móstrase indiferente.

Dez alumnos din que quixeran facer un traballo de investigación de literatura galega. Resposta que coidamos importante xa que con só un ano desta materia o interese existe nalgúns.

Desde o noso punto de vista esta enquisa mostra que o galego interesa á xente non galega, que non teñen familia galega e que hai xente interesada en profundar na cultura galega. É verdade que é unha minoría pero existe e polo tanto o labor que fan os profesores de galego en Madrid é importante para o futuro do galego.

Neste momento centrámonos na enquisa feita ós alumnos da Escola Oficial de idiomas. A enquisa só ten cinco preguntas. Tamén é anónima. A idade dos alumnos é variada, a maioría ten de vintetrés a trinta e cinco anos. Cinco alumnos teñen de cincuenta a cincuenta e nove anos. Fíxose a enquisa a vintetrés alumnos de cursos diferentes, desde o primeiro curso ó último curso da Escola Oficial.

Ó preguntar por qué estudian galego. A resposta xeral é porque gustan do galego e son galegos aínda que non o falen. Só dous din que estudian galego porque gustan do galego aínda que non sexan galegos.

A maioría di que ten familia galega, os avós, os pais e falan galego sempre que teñen oportunidade a pesar de non falarlles galego ós fillos. Só dous din que falan galego coa súa familia aínda que non sexa o galego normativo. Un alumno fala castrapo coa súa familia. E dous alumnos non teñen familia, só amigos galegos.

O título da Escola de Idiomas dez quéreno para traballar en Galicia. O resto para nada especial, o importante para eles é aprenderen o galego.

Ó preguntar se coidan que a xente galega é galegofalante ou castelanfalante. Catorce alumnos din que son castelanfalantes porque o galego continúa a ser unha lingua desprestixiada. Que se fala galego nas aldeas, aínda que non é o galego normativo, e que na cidade se fala castelán apesares dos medios de comunicación e coidan que a Xunta non fai moito por fomentar a conciencia lingüística da xente. Que a maioría dos galegos falan galego na casa. Sete alumnos din que a maioría dos galegos son galegofalantes e que o falan segundo as circunstancias. Os outros dous din que non coñecen a realidade galega con profundidade, mais que a súa experiencia das súas viaxes a Galicia é que os galegos son castelanfalantes en xeral.

Vemos dúas perspectivas diferentes dos alumnos que fan galego por obrigación e dos que o estudian porque lles gusta. Desde o noso punto de vista estas dúas perspectivas son moi positivas porque nos dous casos temos xente interesada en profundar na cultura galega en Madrid.

Doutra banda estas persoas interesadas polo galego pon de manifesto a súa preocupación porque o galego sexa unha lingua aínda desprestixiada. Eu, persoalmente, coido que a cousa está a cambiar e fai falla tempo para que os galegos sexan conscientes da súa realidade e da súa lingua que é un legado cultural enriquecedor. Fai falla tempo para que a presión que tiveron do castelán durante tanto tempo vaia a menos e coa axuda dos organismos oficiais e dos medios de comunicación coido que a modiño o galego será nun futuro visto con outros ollos polos seus posuidores. Quizais este futuro aínda está lonxe mais fai falla coidar que a xente galega, as novas xeracións, terán outros valores e outra formación e desta maneira verán a súa lingua como a propia. De tódolos xeitos tamén coido que é fundamental que nas escolas os nenos teñan o galego como a primeira lingua e vexan que falar galego é normal e non que é unha lingua para falar cos amigos ou na casa cós avós.

E xa para acabar coa miña comunicación de novo insistir no interese da xente polo galego fóra de Galicia e que as persoas que nos dedicamos ó ensino do galego intentamos transmitir esta cultura ás xentes que non a coñecen co maior entusiasmo posible.